

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CAPELA

Aprobación definitiva do Plan Municipal de prevención de incendios forestais

Segundo Resolución da Alcaldía número 2024-0285 de data 16 de xullo de 2024 do Concello da Capela apróbase definitivamente o expediente do Plan Municipal de Prevención de Incendios, co seguinte tenor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ANTECEDENTES DE FEITO:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Resolución de Alcaldía pola que se aproba a adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de biomasa nas faixas secundarias.	24-05-2019	2019-0136
Sinatura do convenio en materia de prevención e defensa contra incendios forestais	22-07-2019	
Recepción do Plan Municipal de Prevención de Incendios en aplicación do convenio en materia de prevención e defensa contra incendios forestais	15-10-2019	
Informe técnico	21-11-2019	2019-0074
Recepción da segunda versión do Plan Municipal de Prevención de Incendios	12-11-2020	
Informe técnico	03-12-2020	
Informe de Secretaría	15-01-2021	2021-0008
Recepción da terceira redacción do Plan Municipal de Prevención de Incendios	04-06-2024	
Resolución de Alcaldía de aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención de Incendios	05-06-2024	
Anuncio de aprobación inicial	07-06-2024	BOP N.º 110
Certificado de Secretaría das alegacións presentadas	08-07-2024	Sen alegacións
Recepción do Informe da Dirección Xeral competente en materia forestal	12-07-2024	

ANTECEDENTES DE DEREITO.

Vista a seguinte lexislación:

Artigos 7.a) e 16 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Artigos 27 e 31 a 36 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Artigos 75 a 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 16.5 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar definitivamente o Plan municipal de prevención de incendios forestais.

SEGUNDO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia a resolución de aprobación definitiva do Plan municipal de prevención de incendios forestais, así como na sede electrónica do Concello [<http://concellodacapela.sedelectronica.gal>].”

O que se fai público ós efectos de coñecemento xeral.

A CAPELA, 20 de xullo de 2024
O Alcalde, Manuel Meizoso López
Documento asinado electronicamente